

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ELVIÑA
CURSO: SEGUNDO BACHARELATO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUAS CLÁSICAS
DATA: 4 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Capacidade de traducir un texto orixinal a unha lingua vernácula e diseccionar a estrutura en compoñentes sintáctico-morfolóxicos. Tradución e análise dos textos de ditos autores (50 %).	Competencia lingüística. Coñecemento dos autores establecidos polo grupo de traballo da CIUGA: Eutropio e Fedro.
Coñecemento dos diferentes xéneros literarios latinos e o que supuxo na Literatura occidental. (25%).	Competencia sociocultural. Literatura latina: Épica (Virxilio), Teatro (Plauto), Oratoria (Cicerón), Historia (Tito Livio), Lírica (Horacio).
Coñecemento dos significados e usos (10%).	Competencia lingüística. Estudo de locucións latinas de uso actual.
Coñecemento dos significados (5 %).	Competencia lingüística. Topónimos.
Capacidade de descompoñer os integrantes dunha palabra do seu idioma identificándoos e relacionándoos coas orixes latinas e comprendendo o significado que lles aporta. Capacidade de discernimento dos étimos latinos nas palabras propias (10%).	Competencia lingüística. Composición e derivación das palabras das linguas oficiais relacionándoas con étimos latinos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Tradución dos autores. Análise morfosintáctica. Exame das locucións e topónimos. Coñecemento dos xéneros literarios.
	Instrumentos: Probas diferenciadas de todos os contidos.
Cualificación final	Nas materias do Departamento seguiremos as pautas dadas polo Ministerio: será unha avaliación continua elaborada principalmente cos resultados dos dous trimestres presenciais e matizada polos traballos elaborados no confinamento. Teremos en conta as circunstancias radicalmente distintas e distópicas desta avaliación. O alumnado que presente o seu traballo con regularidade e atención poderá verse beneficiado á alza na súa cualificación ata un total do 20%, no caso estaren correctamente realizados. A nota do aprobado deberá ser un cinco na materia, tal e como está recollido na programación ordinaria.
Proba extraordinaria de setembro	Con respecto á avaliación extraordinaria de setembro o aprobado será tamén a nota de cinco. Os contidos da proba extraordinaria serán os vistos e estudados nos dous primeiros trimestres presenciais.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Os mesmos que na materia de Latín I.
	Criterios de cualificación: Os mesmos que na materia de Latín I.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A proba global realizada no primeiro trimestre. Non dispoñemos de contacto co alumno pendente e a súa asistencia ás clases presenciais foi practicamente nula.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tradución, análise e exercicios de repaso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>No caso de Latín II afondarase nas Fábulas de Fedro, posto que Eutropio foi estudado exhaustivamente no primeiro trimestre e en boa parte do segundo. As devanditas fábulas son moito máis amenas e atractivas para o alumnado pero tamen entrañan un maior grao de dificultade. Sempre se incidirá sobre a tradución e comprensión do texto orixinal (obxectivo primordial da materia) pero sen descoidar a análise morfolóxica e sintáctica, tamén puntuables nas ABAU. Alumnos e alumnas deberán traducir e analizar un texto en cada sesión de clase; o citado texto terá as dimensións e dificultades semellantes ás probas oficiais.</p> <p>Quedan algúns contidos gramaticais que foron relegados ao terceiro trimestre. Estes contidos revisten dificultade especial para o alumnado; esa é a razón para tratalos na derradeira etapa, aproveitando os coñecementos e a madurez adquiridos. Son o xerundio, o xerundivo e a conxugación perifrástica. Trataremos de explicalos e aclaralos a distancia, realizando exercicios de comprensión.</p> <p>A parte teórica foi estudada e avaliada integramente nas dúas primeiras avaliacións; polo tanto, farase un repaso con cuestionarios obtidos das probas oficiais. Estes cuestionarios deberán ser cubertos polo alumno-a e entregados á profesora por correo electrónico. O obxectivo final será simplemente o repaso e afianzamento de todo o visto nas clases presenciais.</p>
Materiais e recursos	Textos dos autores proporcionados pola profesora e apuntamentos que xa teñen no seu poder.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta addenda á programación do Departamento será publicada na páxina web do IES Elviña. Ademais o alumnado será informado pola profesora nos canles utilizados para a súa formación telemática; dispoñemos dos correos electrónicos dos rapaces e rapazas e serán avisados neles.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.